

BORRADOR DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DE 17 DE DECEMBRO DE 2009

No salón de sesións da Casa do Concello de Bergondo, a dezasete de decembro de dous mil nove, sendo as vinte horas e trinta minutos, ten lugar a sesión extraordinaria do Pleno municipal, presidida polo alcalde en funcións, D. José M. Francisco Mata Buyo, do grupo socialista, con asistencia dos/as señores/as concelleiros/as:

Grupo do Partido Socialista:

D. Jesús Vázquez García
D. Francisco Javier Santos Maseda
D.^a M.^a Begoña Calviño Dorado
D. Domingo Fuentes Rocha

Grupo municipal do Partido Popular:

D. José Eduardo Zapata Roel
D.^a Silvia María Vázquez Cardelle
D. José Luis Dans Medín

Grupo municipal Veciños de Bergondo:

D. Francisco Manuel Fafián Torreiro

Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego:

D. Antón Sánchez García

Non asisten:

D.^a Alejandra Pérez Máquez
D.^a María del Loreto Caseiras Arroyo
D. Manuel Parga Fernández

Así mesmo asisten:

A interventora municipal: D.^a Laura Gutiérrez Ortiz
A secretaria xeral: M.^a de las Mercedes Fernández González

ORDE DO DÍA

1.- ORDENANZA FISCAL, REGULADORA DA TAXA POLO APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL, A FAVOR DE EMPRESAS EXPLOTADORAS DE SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓNS DE INTERESE XERAL. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

2.- ORDENANZA XERAL MUNICIPAL, SOBRE TRÁFICO, CIRCULACIÓN DE VEHÍCULOS A MOTOR E SEGURIDADE VIAL. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

1.- ORDENANZA FISCAL, REGULADORA DA TAXA POLO APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL, A FAVOR DE EMPRESAS EXPLOTADORAS DE SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓNS DE INTERESE XERAL. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

Dáse conta ós/ás asistentes a proposta de Alcaldía, ditaminada favorablemente pola Comisión informativa de asuntos do Pleno, que transcrita literalmente di:

“En data 4 de novembro de 2009 e número de rexistro de entrada 8470, recíbese escrito da Deputación Provincial da Coruña, no que se expresa a vontade de que os servizos tributarios da Deputación asuman por delegación dos Concellos que o consideren, a inspección da taxa pola ocupación de dominio público das empresas subministradoras e da telefonía móbil, posteriormente, se remite Ordenanza tipo e informe técnico-económico xustificativo da taxa de telefonía móbil, cos datos correspondentes ó noso Concello.

Por todo isto, e dado que a recadación que se vai obter procede de grandes empresas, sen afectar para nada ós particulares, vese a necesidade de aprobar a Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo aproveitamento especial do dominio público local, a favor de empresas explotadoras de servizos de subministracións de interese xeral, nos termos que establece nos seus artigos 15 e seguintes o Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, tras ve-lo informe da interventora municipal e en consonancia coa documentación que integra o expediente, proponse ó Pleno da corporación que despois do exame do mesmo adopte o seguinte acordo:

*1º.- Aprobar provisionalmente có quórum da maioría simple legal, a **Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo aproveitamento especial do dominio público local, a favor de empresas explotadoras de servizos de subministracións de interese xeral**, cuxo texto queda como segue:*

“ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL, A FAVOR DE EMPRESAS EXPLOTADORAS DE SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓNS DE INTERESE XENERAL.

Artigo 1º. Fundamento e natureza

Ao amparo do previsto nos artigos 57, 20 e 24.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, régúlase a taxa por utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos non solo, subsolo ou volo das vías públicas municipais, a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración que resulten de interese xeneral ou afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal.

Artigo 2º. Feito imponible

1. Constitúe o feito imponible da taxa o desfrute da utilización privativa, ou os aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo ou volo das vías públicas municipais, a favor de empresas ou entidades que utilizan o dominio público para prestar os servizos de subministracións que resulten de interese xeneral ou afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza.

2. O aproveitamento especial do dominio público producirase sempre que para a prestación do servizo de subministración se deban utilizar antenas, instalacións ou redes que materialmente ocupan o solo, subsolo ou volo das vías públicas municipais, con independencia de quen sexa o titular de aquelas.

3. En particular, comprenderanse entre os servizos referidos nos apartados anteriores, as

subministracións de auga, gas, electricidade, telefonía fixa, telefonía móbil e outros medios de comunicación, que se presten, total ou parcialmente, a través de redes e antenas fixas que ocupan o dominio público municipal.

4. *O pagamento da taxa regulada nesta Ordenanza supón a exclusión expresa da exacción doutras taxas derivadas da utilización privativa ou o aproveitamento especial constituído no solo, subsolo ou volo das vías públicas municipais, necesarios para a prestación dos servizos de subministracións de interese xeneral.*

Artigo 3º. Suxeitos pasivos

1. *Son suxeitos pasivos as empresas ou entidades explotadoras de servizos de subministración que resulten de interese xeneral ou afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza, tales como os de abastecemento de auga, subministración de gas, electricidade, telefonía (fixa ou móbil) e outros análogos, así como tamén as empresas que explotan a rede de comunicación mediante sistemas de fibra óptica, televisión por cable ou calquera outra técnica, independentemente do seu carácter público ou privado.*

A estes efectos, se inclúen entre as empresas explotadoras dos devanditos servizos as empresas distribuidoras e comercializadoras dos mesmos.

2. *Teñen a consideración de suxeitos pasivos as empresas ou entidades explotadoras a que se refire o apartado anterior, tanto se son titulares das correspondentes redes a través das cales se efectúen as subministracións coma se, non sendo titulares das devanditas redes, o son de dereitos de uso, acceso ou interconexión ás mesmas.*

3. *Tamén serán suxeitos pasivos da taxa as empresas e entidades, públicas ou privadas, que presten servizos, ou exploten unha rede de comunicación no mercado, conforme ao previsto nos artigos 6 e concordantes da Lei 32/2003, de 3 novembro, xeneral de telecomunicacións.*

4. *As empresas titulares das redes físicas, ás cales non lles resulte aplicable o que se prevé nos apartados anteriores, están suxeitas á taxa por ocupacións do solo, o subsolo e o volo da vía pública, regulada na Ordenanza fiscal correspondente.*

Artigo 4º. Sucesores e responsables

1. *As obrigas tributarias pendentes das sociedades e entidades con personalidade xurídica disoltas e liquidadas transmitiranse aos socios, copartícipes ou cotitulares, que quedarán obrigados solidariamente ata os límites seguintes:*

a) *Cando non exista limitación de responsabilidade patrimonial, a contía íntegra das débedas pendentes.*

b) *Cando legalmente se limitase a responsabilidade, o valor da cota de liquidación que lles corresponda.*

Poderán transmitirse as débedas devengadas na data de extinción da personalidade xurídica da sociedade ou entidade, aínda que non estean liquidadas.

2. *As obrigas tributarias pendentes das sociedades mercantís, en supostos de extinción ou disolución sen liquidación, transmitiranse ás persoas ou entidades que as sucedan, ou sexan beneficiarios da operación.*

3. *As obrigas tributarias pendentes das fundacións, ou entidades a que a refire o artigo 35.4 da súa Lei Xeneral Tributaria, en caso de disolución, transmitiranse aos destinatarios dos bens e dereitos das fundacións, ou aos partícipes ou cotitulares das devanditas entidades.*

4. *As sancións que procedan polas infraccións cometidas polas sociedades e entidades ás*

cales se refiren os apartados anteriores esixiranse aos sucesores daquelas, ata o límite do valor da cota de liquidación que lles corresponda.

5. Responderán solidariamente da débeda tributaria as persoas ou entidades seguintes:

- a) As que sexan causantes ou colaboren activamente na realización dunha infracción tributaria. O seu responsabilidade esténdese á sanción.
- b) Os partícipes ou cotitulares das entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeneral Tributaria, en proporción as súas respectivas participacións.
- c) Os que sucedan por calquera concepto na titularidade de explotacións económicas, polas obrigas tributarias contraídas polo anterior titular e derivadas do seu exercicio.

Exceptúanse de responsabilidade as adquisicións efectuadas nun procedemento concursal.

6. Responderán subsidiariamente da débeda tributaria:

a) Os administradores de feito ou de dereito das persoas xurídicas que non realizasen os actos necesarios da súa incumbencia para o cumprimento das obrigas tributarias ata os límites seguintes:

- Cando se cometeron infraccións tributarias responderán da débeda tributaria pendente e das sancións.
- En supostos de cesamento das actividades, polas obrigas tributarias devengadas, que se atopen pendentes na data de cesamento, sempre que non fixesen o necesario para o seu pagamento ou tomasen medidas causantes da falta de pagamento.

b) Os integrantes da administración concursal e os liquidadores de sociedades e entidades que non realizasen as xestións necesarias para o cumprimento das obrigas tributarias devengadas con anterioridade.

7. A responsabilidade esixirase en todo caso nos termos e de acordo co procedemento previsto na Lei Xeneral Tributaria.

Artigo 5º - Servizo de telefonía móbil - Base imponible e cota tributaria

1. Para determinar a contía da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público municipal por parte dos servizos de telefonía móbil, que precisan utilizar a rede de telefonía fixa instalada neste Municipio, aplicaranse as seguintes fórmulas de cálculo:

a) Base imponible

A base imponible, deducida da estimación do aproveitamento especial do dominio público polo servizo de telefonía móbil calcúlase:

$$BI = Cmf * Nt + (NH * Cmm)$$

Sendo:

Cmf = consumo telefónico medio estimado, en liñas de telefonía fixa, por chamadas procedentes de teléfonos móbiles. O seu importe para o exercicio 2010 é de 58,9 euros/ ano.

Nt = Nº de teléfonos fixos instalados no Municipio, no ano 2008, que é de...4.035

NH = 95% do número de habitantes empadroados no Municipio. En 2008: ...6.349

Cmm = Consumo medio telefónico, estimado por teléfono móbil por chamadas de móbil a móbil. O seu importe para 2010 é de 279,1 euros/año.

b) Cota básica

A cota básica global determínase aplicando o 1,4 por 100 á base imponible:

$$QB = 1,4\% \text{ s/ BI}$$

$$\text{Cota tributaria/operador} = CE * QB$$

Sendo:

CE = coeficiente atribuíble a cada operador, segundo a súa cota de participación no mercado,

incluíndo as modalidades de postpago e prepago.
O valor da cota básica (QB) para 2010 é de... 28.134,76 euros.

c) Imputación por operador

Para 2010 o valor de CE e a cota trimestral a satisfacer por cada operador son os seguintes:

| | CE | Cota trimestral |
|----------|--------|-----------------|
| Movistar | 48,87% | 3.437,36 € |
| Vodafone | 33,10% | 2.328,15 € |
| Orange | 16,58% | 1.166,19 € |
| Yoigo | 0,71% | 49,94 € |
| Outros | 0,76% | 53,46 € |

As cotas trimestrais a satisfacer polos operadores relacionados son a cuarta parte do importe que resulta de aplicar o coeficiente CE á cota básica establecida no apartado b) deste artigo.

Para os efectos de determinar o coeficiente CE, os suxeitos pasivos poderán probar ante o concello que o coeficiente real de participación no exercicio anterior ao de remuneración da taxa foi inferior. Neste caso, as autoliquidacións trimestrais axustaranse aplicando o coeficiente acreditado polo obrigado tributario.

Artigo 6 - Outros servizos diferentes da telefonía móbil - Base impoñible e cota tributaria

1. Cando o suxeito pasivo sexa titular da rede que ocupa o chan, subsolo ou voo das vías públicas, mediante a cal se produce o desfrute do aproveitamento especial do dominio público local, a base impoñible está constituída pola cifra de ingresos brutos procedentes da facturación que obteñan anualmente no termo municipal as empresas ou entidades sinaladas no artigo 3 desta Ordenanza.

2. Cando para o desfrute do aproveitamento especial a que se refire o apartado anterior, o suxeito pasivo utilice redes alleas, a base impoñible da taxa está constituída pola cifra de ingresos brutos obtidos anualmente no termo municipal minorada nas cantidades que deba aboar ao titular da rede, polo seu uso.

3. Aos efectos dos apartados anteriores, teñen a consideración de ingresos brutos procedentes da facturación aqueles que, sendo imputables a cada entidade, fosen obtidos por esta como contraprestación polos servizos prestados neste termo municipal, en desenvolvemento da actividade ordinaria; só se excluirán os ingresos orixinados por feitos ou actividades extraordinarias.

A título enunciativo, teñen a consideración de ingresos brutos as facturacións polos conceptos seguintes:

- a) Subministracións ou servizos de interese xeral, propios da actividade da empresa que corresponden a consumos dos subscritores efectuados no Municipio.
- b) Servizos prestados aos consumidores necesarios para a recepción da subministración ou servizo de interese xeral propio do obxecto da empresa, incluíndo os enlaces na rede, posta en marcha, conservación, modificación, conexión, desconexión e substitución dos contadores ou instalacións propiedade da empresa.
- c) Alugueros, canons, ou dereitos de interconexión percibidos doutras empresas subministradoras de servizos que utilicen a rede da entidade que ten a condición de suxeito pasivo.
- d) Alugueros que han de pagar os consumidores polo uso dos contadores, ou outros medios utilizados na prestación da subministración ou servizo.

- e) *Outros ingresos que se facturen polos servizos resultantes da actividade propia das empresas subministradoras.*
4. *Non se incluírán entre os ingresos brutos, para estes efectos, os impostos indirectos que gravan os servizos prestados nin as partidas ou cantidades cobradas por conta de terceiros que non constitúan un ingreso propio da entidade que é suxeito pasivo da taxa.*
5. *Non teñen a consideración de ingresos brutos procedentes da facturación os conceptos seguintes:*
- a) *As subvencións de explotación ou de capital que as empresas poidan recibir.*
- b) *As indemnizacións esixidas por danos e prexuízos, a menos que sexan compensación ou contraprestación por cantidades non cobradas que se han de incluír nos ingresos brutos definidos no apartado 3.*
- c) *Os ingresos financeiros, como intereses, dividendos e calquera outros de natureza análoga.*
- d) *Os traballos realizados pola empresa para o seu inmovilizado.*
- e) *As cantidades procedentes de alleamentos de bens e dereitos que forman parte do seu patrimonio.*
6. *As taxas reguladas nesta Ordenanza esixibles ás empresas ou entidades sinaladas no artigo 3 desta Ordenanza, son compatibles con outras taxas establecidas, ou que poida establecer o Concello, pola prestación de servizos ou realización de actividades de competencia local, das que as mencionadas empresas sexan suxeitos pasivos.*
7. *A contía da taxa determínase aplicando o 1,5 por 100 á base impoñible definida neste artigo.*

Artigo 7º. Período impositivo e remuneración da taxa

1. *O período impositivo coincide co ano natural salvo os supostos de inicio ou cesamento na utilización ou aproveitamento especial do dominio público local necesario para a prestación da subministración ou servizo, casos en que procederá aplicar o rateo trimestral, conforme ás seguintes regras:*

- a) *Nos supostos de altas por inicio de actividade, liquidarase a cota correspondente aos trimestres que restan para finalizar o exercicio, incluído o trimestre en que ten lugar a alta.*
- b) *En caso de baixas por cesamento de actividade, liquidarase a cota que corresponda aos trimestres transcorridos dende o inicio do exercicio, incluíndo aquel en que se orixina o cesamento.*
2. *A obriga de pagamento da taxa regulada nesta Ordenanza nace nos momentos seguintes:*
- a) *Cando se trata de concesións ou autorizacións de novos aproveitamentos, no momento de solicitar a licenza correspondente.*
- b) *Cando o disfrute do aproveitamento especial a que se refire o artigo 1 desta ordenanza non requira licenza ou autorización, dende o momento en que se iniciou o citado aproveitamento. Para tal efecto, enténdese que comezou o aproveitamento especial cando se inicia a prestación de servizos aos usuarios que o soliciten.*
3. *Cando os aproveitamentos especiais do solo, subsolo ou volo das vías públicas se prolongan durante varios exercicios, a remuneración da taxa terá lugar o 1 de xaneiro de cada ano e o período impositivo comprenderá o ano natural.*

Artigo 8º. Réxime de declaración e de ingreso - Servizos de telefonía móbil

1. *As empresas operadoras de servizos de telefonía móbil relacionadas no artigo 5 desta Ordenanza deberán presentar a autoliquidación e efectuar o ingreso da cuarta parte resultante*

do que establece o devandito artigo nos meses de abril, xullo, outubro e decembro

2. Outras empresas prestadoras de servizos de telefonía móbil presentarán a súa declaración baseándose nos parámetros establecidos no artigo 5 e tendo en conta o período de prestación efectiva dos servizos durante o ano 2010.

3. Unha vez concluído o exercicio 2010 os suxeitos pasivos que probasen, en base de datos oficiais, que a súa participación neste período diferise da porcentaxe aplicada para os efectos do cómputo da taxa regulada na presente ordenanza, poderán solicitar a regularización procedente.

Artigo 9º. Réxime de declaración e ingreso - Outros servizos

1. Respecto aos servizos de subministración regulados no artigo 6º desta Ordenanza, establécese o réxime de autoliquidación para cada tipo de subministración, que terá periodicidade trimestral e comprenderá a totalidade dos ingresos brutos facturados no trimestre natural ao que se refira. O cesamento na prestación de calquera subministración ou servizo de interese xeneral, comporta a obriga de facer constar esta circunstancia na autoliquidación do trimestre correspondente así como a data de finalización.

2. Poderase presentar a declaración final o último día do mes seguinte ou o inmediato hábil posterior a cada trimestre natural. Presentarase ao Concello unha autoliquidación para cada tipo de subministración efectuada no termo municipal, especificando o volume de ingresos percibidos por cada un dos grupos integrantes da base impositiva, segundo detalle do artigo 6.3 desta Ordenanza. A especificación referida ao concepto previsto na letra c) do mencionado artigo, incluírá a identificación da empresa ou empresas subministradoras de servizos ás que se facturara cantidades en concepto de peaxe.

A contía total de ingresos declarados polas subministracións a que se refire o apartado a) do mencionado artigo 6.3 non poderá ser inferior á suma dos consumos rexistrados en contadores, ou outros instrumentos de medida, instalados neste Municipio.

3. As empresas que utilicen redes alleas deberán acreditar a cantidade satisfeita aos titulares das redes co fin de xustificar a minoración de ingresos a que se refire o artigo 6.2 da presente Ordenanza. Esta acreditación acompañarase da identificación da empresa ou entidade propietaria da rede utilizada.

4. Expedirase un documento de ingreso para o interesado, que lle permitirá satisfacer a cota nos lugares e prazos de pagamento que se indiquen.

5. Por razóns de custo e eficacia, cando da declaración trimestral dos ingresos brutos se derive unha liquidación de cota inferior a 6 euros, acumularase a seguinte. A presentación das autoliquidacións despois do prazo fixado no punto 2 deste artigo comportará a esixencia das recargas de extemporaneidade, segundo o que prevé o artigo 27 da Lei Xeneral Tributaria.

6. A empresa "Telefónica de España, S.A.U.", á cal cedeu Telefónica, S.A. os diferentes títulos habilitantes relativos a servizos de telecomunicacións básicas en España, non deberá satisfacer a taxa porque o seu importe queda englobado na compensación do 1,9% dos seus ingresos brutos que satisfaga a este Concello.

As restantes empresas do "Grupo Telefónica", están suxeitas ao pagamento da taxa regulada nesta ordenanza. En particular, Telefónica Móviles España, S.A. esta suxeita á taxa, nos termos regulados no artigo 5 da presente ordenanza.

Artigo 10º. Infraccións e sancións

1. A falta de ingreso da débeda tributaria que resulta da autoliquidación correcta da taxa dentro dos prazos establecidos nesta ordenanza, constitúe infracción tributaria tipificada no

artigo 191 da Lei Xeneral Tributaria, que se cualificará e sancionará segundo dispón o mencionado artigo.

2. O resto de infraccións tributarias que se poidan cometer nos procedementos de xestión, inspección e recadación desta taxa tipificaranse e sancionarán de acordo co que se prevea na Lei Xeneral Tributaria, no Regulamento Xeneral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributarias, aprobado por Real Decreto 1065/2007 e na Ordenanza Xeneral de Xestión, Inspección e Recadación dos ingresos de dereito Público municipais.

3. A falta de presentación de forma completa e correcta das declaracións e documentos necesarios para que se poida practicar a liquidación desta taxa constitúe unha infracción tributaria tipificada no artigo 192 da Lei Xeral Tributaria, que se cualificará e sancionará segundo dispón o mencionado artigo.

Disposición adicional 1ª - Actualización dos parámetros do artigo 5º

As ordenanzas fiscais dos exercicios futuros poderán modificar o valor dos parámetros Cmf, Cmm, NH, Nt, NH se así procede.

Se non se modifica a presente ordenanza, continuarán sendo de aplicación os parámetros establecidos para o exercicio 2010. Se a presente ordenanza debe ser aplicada despois de 2010, as referencias a este ano, contidas nos artigos 5 e 8, deben entenderse realizadas respecto a cada un dos exercicios en que se aplique a ordenanza.

Disposición adicional 2ª. Modificación dos preceptos da ordenanza e das referencias que fai á normativa vixente, con motivo da promulgación de normas posteriores

Os preceptos desta Ordenanza fiscal que, por razóns sistemáticas reproduzan aspectos da lexislación vixente e outras normas de desenvolvemento, e aquelas en que se fagan remisións a preceptos desta, entenderase que son automaticamente modificados e/ou substituídos, no momento en que se produza a modificación de preceptos legais e regulamentarios de que traen causa.

Disposición final

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor ó día seguinte ó da súa publicación definitiva no Boletín Oficial da Provincia.”

2º.- Expoñer ó público o presente acordo mediante anuncios no taboleiro de edictos da corporación e no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de trinta días hábiles que contarán a partir do seguinte á publicación no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examina-lo expediente e presenta-las reclamacións que estimen oportunas.

3º.- As reclamacións presentadas serán resoltas pola corporación en Pleno, e de non existir, entenderase definitivamente aprobado o acordo provisional, debéndose proceder en todo caso á publicación no Boletín Oficial da Provincia do acordo definitivo, e do texto íntegro da ordenanza. O Pleno decidirá o que estime máis conveniente.

Bergondo, 3 de decembro de 2009=A Alcaldesa =Asdo.: Alejandra Pérez Máquez”

A continuación toma a palabra o Sr. alcalde en funcións, e manifesta que é unha ordenanza que fixo a Deputación, que é o organismo que é a que vai facer a recadación, e afectará á empresas, nunca afectará ós veciños.

A continuación toma a palabra o Sr. voceiro suplente do BNG, Antón Sánchez García e di: nós non asistimos á Comisión Informativa, pero apoiamos a proposta. Teño noticias de que en Cambre, Culleredo e Sada aplicase tamén ós caixeiros automáticos que están na vía pública, é unha suxestión para que se estude, se se pode aplicar.

Trala correspondente deliberación, o Pleno municipal por **unanimidade** dos/as dez concelleiros/as asistentes, dos trece que forman a totalidade da Corporación municipal, aproba a proposta que se acaba de transcribir.

2.- ORDENANZA XERAL MUNICIPAL, SOBRE TRÁFICO, CIRCULACIÓN DE VEHÍCULOS A MOTOR E SEGURIDADE VIAL. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

Dáse conta ós/ás asistentes a proposta de Alcaldía, ditaminada favorablemente pola Comisión informativa de asuntos do Pleno, que transcrita literalmente di:

O día 24 de novembro, co núm. de rexistro de entrada 8970, recibíuse un escrito do Servizo de Tesourería da Excm. Deputación Provincial da Coruña, no que nos indican que co motivo da posta en marcha e funcionamento do servizo relativo á instrución dos expedientes sancionadores por infracción da normativa sobre tráfico, circulación e seguridade viaria remítennos un documento como proposta de ordenanza tipo nomeado ORDENANZA XERAL MUNICIPAL SOBRE TRÁFICO, CIRCULACIÓN DE VEHÍCULOS A MOTOR E SEGURIDADE VIAL.

O texto inicial remitido pola citada entidade, foi adaptado ás peculiaridades do Concello de Bergondo, polo que se anularon o apartado 3 do artigo 28 e a Disposición Adicional Primeira, que fan referencia ó estacionamento con limitación temporal en zonas delimitadas a tal fin.

Así mesmo modificáronse, por parte da Entidade remitente, os artigos 79.3, 81.3 e 82.1, co fin de adaptalo a Lei 18/2009, de 23 de novembro, pola que se modifica o texto articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial.

En consecuencia propónse ó Pleno da Corporación que, logo do exame do texto que se propón da citada Ordenanza Xeral, e demais trámites que constan no expediente, e tendo en conta a potestade da Corporación para ditar Ordenanzas e Regulamentos, prevista na Lei 7/85, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, adopte o seguinte acordo:

Primeiro: *Aprobar inicialmente a “ORDENANZA XERAL MUNICIPAL SOBRE TRÁFICO, CIRCULACIÓN DE VEHÍCULOS A MOTOR E SEGURIDADE VIAL” segundo consta no ANEXO 1, que forma parte desta proposta.*

Segundo: *Expoñer ó público o presente acordo mediante anuncios no Taboleiro de Edictos da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia, durante o prazo de trinta días contados a partires do seguinte á publicación en dito Boletín, para que os/as interesados/as poidan presentar as reclamacións e suxerencias que estimen oportunas.*

Terceiro: *As reclamacións presentadas serán resoltas pola Corporación dentro de prazo, e de non existir, entenderase definitivamente aprobado o acordo inicial, debéndose proceder en todo caso á publicación no Boletín Oficial da Provincia do acordo definitivo, e do texto íntegro da Ordenanza Xeral.*

Cuarto: *Comunicar o presente acordo á Excm. Deputación Provincial da Coruña.*

Non obstante, o Pleno decidirá o que crea máis conveniente.

Bergondo, 9 de decembro de 2009.=O alcalde en funcións=(Decreto 1042/2009 de 4 de decembro)=Francisco Mata Buyo

ANEXO I

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As Entidades Locais gozan de autonomía para a xestión dos intereses que lles son propios. A Lei Reguladora das Bases de Réxime Local e o seu Texto Refundido establecen que a ordenación do tráfico de vehículos e persoas nas vías urbanas será competencia das Entidades Locais, as cales a exercen dentro do límite establecido pola lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas.

A manifestación desta competencia, en materia de circulación, reflíctese na elaboración dunha Ordenanza que regule os aspectos relacionados con esta dentro do Municipio.

O feito da circulación vial é hoxe en día consubstancial ao ser humano, sendo a actividade que máis se prodiga e a que máis vincula á poboación xa sexa na súa faceta condutora ou meramente peonil, razón pola que require unha lexislación concreta e axeitada ás súas especiais circunstancias.

A capacidade normativa das Administracións Locais debe enfocarse cara á regulación das facetas específicas que constitúen a idiosincrasia do Municipio, atendendo á variedade e pluralidade do seu tecido social, co fin de mellorar a calidade de vida dos seus cidadáns.

Este Concello regula mediante a presente Ordenanza diversas cuestións en materia de tráfico co fin de exercer as competencias atribuídas aos Municipios polo artigo 7 do Real Decreto Legislativo 339/1990, do 2 de marzo, por o que se aproba o texto articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial e normativa concordante e complementar así a lexislación estatal e autonómica neste ámbito

TÍTULO PRELIMINAR: OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

Artigo 1. Competencia.

A presente Ordenanza dítase en exercicio das competencias atribuídas aos Municipios en materia de ordenación do tráfico de persoas e vehículos nas vías urbanas pola Lei de Bases do Réxime Local e a Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial.

Naquelas materias non reguladas expresamente nesta Ordenanza aplicaranse directa e subsidiariamente os preceptos da Lei de Seguridade Vial e os Regulamentos ou outras normas que a desenvolvan ou poidan desenvolvela nun futuro.

Artigo 2. Obxecto.

É obxecto da presente Ordenanza:

- c) A regulación dos usos das vías urbanas e travesías, de acordo coas fórmulas de cooperación ou delegación con outras Administracións, facendo compatible a equitativa distribución dos aparcamentos entre todos os usuarios; compatibilizar a necesaria fluidez do tráfico rodado e co uso peonil das rúas, así como fomentar a seguridade vial e a prevención de accidentes.*
- ci) O establecemento de medidas de limitación do estacionamento, co fin de garantir a rotación dos aparcamentos, prestando especial atención ás necesidades das persoas que teñen reducida a súa mobilidade e que utilizan vehículos e favorecer así a súa integración social.*
- cii) Establecer os importes das sancións pecuniarias correspondentes ás distintas infraccións, respectando os límites legais na normativa con rango de Lei.*

Artigo 3. Ámbito de aplicación.

1. As normas contidas nesta Ordenanza obrigarán aos titulares e usuarios das vías e terreos públicos urbanos e os interurbanos cuxa competencia fose cedida ao Concello, que sexan aptos para a circulación ou que, sen ter tal aptitude, sexan de uso común e, en defecto doutras

normas, aos titulares das vías e terreos privados que sexan utilizados por unha colectividade indeterminada de usuarios.

Mediante esta Ordenanza regúlase o uso das vías urbanas do Termo Municipal para a circulación de persoas e vehículos e será de obrigado cumprimento para todos aqueles que fan uso destas.

2. Enténdese por usuarios da vía a peóns, condutores, ciclistas e calquera outra persoa que realice sobre a vía ou utilice a mesma para o desenvolvemento de actividades de natureza diversa, que precisarán para o seu exercicio de autorización municipal.

TÍTULO PRIMEIRO: A CIRCULACIÓN URBANA

CAPÍTULO PRIMEIRO: NORMAS XERAIS

Artigo 4. Usuarios.

Os usuarios das vías están obrigados a comportarse de forma que non entorpezan indebidamente a circulación nin causen perigo, prexuízos ou molestias innecesarias ás persoas, ou danos aos bens.

Artigo 5. Normas de comportamento dos peóns.

1. Os peóns transitarán polas beirarrúas, as plataformas ou os paseos, preferentemente pola súa dereita, de forma que non obstrúan ou dificulten a circulación por elas doutros viandantes, gozando sempre de preferencia as persoas de mobilidade reducida. Nas vías urbanas sen beirarrúas ou con beirarrúas que non permitan o paso simultáneo de dúas persoas, pero que estean abertas ao tráfico de vehículos, os peóns extremarán as precaucións e circularán preto das fachadas dos edificios, polo lugar máis afastado do centro da calzada.

2. Os peóns utilizarán os pasos sinalizados para cruzar as calzadas e, nos lugares que carezan destes, farano polos extremos das mazás, perpendicularmente á calzada, asegurándose antes da non proximidade dalgún vehículo.

3. Ao chegar a unha praza ou rotonda, os peóns deberán rodeala, salvo que estea habilitado un paso para cruzala.

4. Nos pasos de peóns regulados por semáforo, os peóns deberán respectar os seus sinais ou fases que lles afecten, así como calquera outro tipo de sinalización específica da vía pública.

5. Os peóns deberán respectar os sinais dos Axentes da Autoridade encargados da vixilancia do tráfico, e seguir as súas indicacións.

Artigo 6. Zonas peonís.

1. O Concello poderá establecer illas ou zonas peonís nas que, como norma xeral, será prioritaria a circulación de peóns, e se restrinxirá total ou parcialmente a circulación e o estacionamento de vehículos agás nas zonas especialmente autorizadas.

2. As illas ou zonas peonís disporán da sinalización correspondente á entrada e á saída. Nos sinais indicaranse as limitacións e os horarios, se procede, sen prexuízo de que se poidan utilizar outros elementos móbiles ou telemáticos que impidan a entrada e a circulación de vehículos na rúa ou zona afectada.

3. A prohibición de circulación e de estacionamento nas illas ou zonas peonís poderá establecerse con carácter permanente ou referirse unicamente a unhas determinadas horas do día ou a uns determinados días, e poderá afectar a todas ou só algunhas das vías da zona delimitada.

4. As limitacións de circulación e de estacionamento que se establezan nas illas ou zonas peonís non afectarán aos seguintes vehículos:

a) *Os do servizo de prevención e extinción de incendios, dos Corpos e Forzas de Seguridade, ambulancias e transporte sanitario e a aqueles outros vehículos de servizos públicos de limpeza, reparación ou similares, para a prestación do servizo correspondente.*

b) *Os que trasladen enfermos ou persoas minusválidas con domicilio ou atención dentro da área.*

c) *Os que accedan ou saian de garaxes e estacionamentos autorizados, durante o horario que fixe a licenza correspondente.*

d) *Os vehículos comerciais ou industriais terán acceso durante o tempo imprescindible para cargar ou descargar, dentro do horario establecido. As tarefas de carga e descarga realizaranse nos espazos indicados ao efecto.*

e) *Os vehículos destinados a operacións de mudanzas de mobles e aparellos terán acceso á zona e permiso para estacionar nas condicións e horarios establecidos, para cada caso, na autorización municipal correspondente, segundo dispón o artigo 38.4 desta Ordenanza.*

f) *Os vehículos destinados ao transporte escolar, nos itinerarios e paradas fixados ao efecto pola Autoridade municipal, de conformidade co establecido no artigo 24 desta Ordenanza.*

5. *O Concello poderá ordenar a utilización de distintivos para identificar os vehículos autorizados a circular nas zonas restrinxidas, que deberán colocarse en lugar visible, preferentemente no parabrisas.*

Artigo 7. Zonas de prioridade invertida e regulación de tráfico en circunstancias especiais.

1. *La Administración Municipal poderá establecer zonas nas cales as condicións de circulación de vehículos queden restrinxidas a favor da circulación e uso da calzada por parte dos peóns.*

2. *Cando circunstancias especiais así requíranos, a Autoridade Municipal, por medio da Policía Local, poderá tomar as medidas que sexan oportunas para a axeitada regulación do tráfico, tales como:*

a) *A restrición ou prohibición da circulación de vehículos en xeral ou dunha categoría en particular por determinadas zonas de poboación.*

b) *A canalización do tráfico por determinadas vías.*

c) *A reordenación, restrición ou prohibición da parada ou o estacionamento en determinadas vías.*

Artigo 8. Control do vehículo e outras obrigas do condutor.

1. *Os condutores deberán estar en todo momento en condicións de controlar os seus vehículos ou animais. Ao aproximarse a outros usuarios da vía, deberán adoptar as precaucións necesarias para a súa seguridade, especialmente cando se trate de nenos, anciáns, invidentes ou outras persoas manifestamente impedidas.*

2. *O condutor dun vehículo está obrigado a manter a súa propia liberdade de movementos, o campo necesario de visión e a atención permanente á conducción, que garantan a súa propia seguridade, a do resto dos ocupantes do vehículo e a dos demais usuarios da vía. Para estes efectos, deberá coidar especialmente de manter a posición axeitada e que a manteña o resto dos pasaxeiros e a axeitada colocación dos obxectos ou animais transportados, de forma que non haxa interferencia entre o condutor e calquera deles.*

3. *Considérase incompatible coa obrigatoria atención permanente á conducción o uso polo condutor, co vehículo en movemento, de dispositivos tales como pantallas con acceso a internet, monitores de televisión e reprodutores de vídeo ou DVD. Exceptúanse, a estes efectos, o uso de monitores que estean á vista do condutor e a utilización dos cales sexa necesaria para a visión*

de acceso ou baixada de pasaxeiros ou para a visión en vehículos con cámara de manobras traseiras, así como o uso de dispositivo GPS.

4. Queda prohibido conducir e utilizar cascos ou auriculares conectados a aparatos receptores ou reprodutores de son, agás durante o correspondente ensino e a realización das probas de aptitude en aberto para a obtención do permiso de conducción de motocicletas de dúas rodas, cando así esíxao o Regulamento Xeral de Condutores.

5. Prohíbese, durante a conducción, a utilización de dispositivos de telefonía móbil e calquera outro medio ou sistema de comunicación, agás cando o desenvolvemento da comunicación teña lugar sen empregar as mans nin usar cascos, auriculares, ou instrumentos similares.

Quedan exentos da devandita prohibición os Axentes da Autoridade, os condutores de vehículos especiais e de acompañamento destes, de furgóns de transporte de fondos e de escolta debidamente acreditados, no exercicio das funcións que teñan encomendadas.

6. Prohíbese que nos vehículos se instalen mecanismos ou sistemas, se leven instrumentos ou se acondicionen de forma encamiñada a eludir a vixilancia dos Axentes de tráfico e que se emitan ou fagan sinais coa devandita finalidade, así como a utilización de mecanismos de detección ou inhibición de radares.

7. Prohíbese levar abertas as portas do vehículo, abrilas antes da súa completa inmovilización e abrilas ou apearse deste sen asegurarse previamente de que iso non implica perigo ou entorpecemento para outros usuarios, especialmente cando se refire a condutores de bicicletas.

8. Queda prohibido circular con menores de doce anos situados nos asentos dianteiros do vehículo salvo que utilicen dispositivos homologados ao efecto. Así mesmo, queda prohibido circular con menores de doce anos como pasaxeiros de ciclomotores ou motocicletas con ou sen sidecar, por calquera clase de vía. Excepcionalmente permítese esta circulación a partir dos sete anos, sempre que os condutores sexan os pais ou as nais, titores ou persoa maior de idade autorizada por eles, utilicen casco homologado e se cumpran as condicións específicas de seguridade establecidas regulamentariamente.

Artigo 9. Circulación de motocicletas e ciclomotores.

As motocicletas e os ciclomotores non poden circular polas beirarrúas, plataformas, paseos nin carril bici.

Artigo 10. Circulación de bicicletas.

1. As bicicletas deberán estar dotadas dos elementos reflectantes debidamente homologados que regulamentariamente se determinen e que deberán posuír estes vehículos conforme á devandita normativa. Cando sexa obrigatorio o uso de iluminación, os condutores de bicicletas deberán, ademais, levar colocada algunha garantía reflectante, se circulan por vía interurbana.

2. As bicicletas circularán polos carrís especialmente reservados, respectando a preferencia de paso dos peóns que os crucen. De circular pola calzada por non haber vial reservado, efectuarano preferiblemente polo carril da dereita, salvo que teñan que realizar un xiro próximo á esquerda.

3. Agás en momentos de aglomeración, as bicicletas, poderán circular polos parques públicos, as zonas peonís, os paseos, as beirarrúas suficientemente amplas e as zonas de prioridade invertida sen carril bici, nas seguintes condicións:

a) Respetarán a preferencia dos peóns.

b) Adecuasen a velocidade á dos peóns sen superar os 10 Km/h.

c) Absteranse de zigzaguar ou realizar calquera outra manobra que poida afectar á seguridade dos peóns.

4. Cando os ciclistas circulen en grupo polas vías urbanas deberán respectar individualmente a sinalización semafórica que os afecte.

5. As bicicletas non poderán circular por vías urbanas nas que se permita unha velocidade superior aos 50 Km/h e carezan de beiravía.

Artigo 11. Velocidade dos vehículos que circulen por núcleo urbano.

1. O límite máximo autorizado de velocidade a que poderán circular os vehículos por vías urbanas será de 50 Km/h, salvo para os vehículos que transporten mercadorías perigosas, que circularán como máximo a 40 km/h, sen prexuízo de que a Autoridade municipal, vistas as súas características peculiares, poida establecer en certas vías e/ou zonas límites inferiores ou superiores.

Nas zonas peonís, en rúas dun só carril ou de grande aglomeración de persoas, os vehículos non poderán superar a velocidade de 10 Km/h.

2. Todo condutor estará obrigado a respectar os límites de velocidade establecidos. Co fin de adecuar a velocidade do vehículo de maneira que sempre poida deter a súa marcha dentro dos límites do seu campo de visión e ante calquera obstáculo, deberá ter en conta, ademais:

- a) As propias condicións físicas e psíquicas.
- b) As características e estado da vía, do vehículo e da súa carga.
- c) As condicións meteorolóxicas, ambientais e de circulación.
- d) En xeral, todas aquelas circunstancias en cada momento concorrentes.

3. Poderase circular por debaixo dos límites mínimos de velocidade nos casos de transportes e vehículos especiais, ou cando as circunstancias do tráfico impidan o mantemento dunha velocidade superior á mínima sen risco para a circulación, así como nos supostos de protección ou acompañamento a outros vehículos, nas condicións que regulamentariamente se establezan.

Artigo 12. Actividades que afecten á seguridade da circulación.

1. A realización de obras, instalacións, colocación de colectores, mobiliario urbano ou calquera outro elemento ou obxecto de forma permanente ou provisional nas vías obxecto desta Ordenanza necesitará a previa autorización municipal e rexeranse polo disposto nesta norma e nas leis de aplicación xeral. As mesmas normas serán aplicables á interrupción das obras, en razón das circunstancias ou características especiais do tráfico que poderá levarse a efecto a petición da Autoridade municipal.

2. Prohíbese botar, depositar ou abandonar sobre a vía substancias ou materiais que poidan entorpecer a libre circulación, parada ou estacionamento, ou facer perigoso ou deteriorar aquela ou as súas instalacións, ou producir nesta ou nas súas inmediacións efectos que modifiquen as condicións apropiadas para circular, parar ou estacionar. Así mesmo, prohíbese botar á vía ou nas súas inmediacións calquera obxecto que poida dar lugar á produción de incendios ou, en xeral, poñer en perigo a seguridade vial.

Os vehículos, especialmente cando se incorporen á vía pública procedentes de obras desterres ou terreos de labranza adoptarán as medidas necesarias para manter as vías limpas de terra, barro ou outros materiais, obxectos e aparatos.

3. Quen houberan creado sobre a vía algún obstáculo ou perigo deberán facelo desaparecer o antes posible, adoptando entremetres as medidas necesarias para que poida ser advertido aos demais usuarios e para que non se dificulte a circulación.

4. Prohíbese ocupar unha vía de dominio público por causa de actividades ou instalacións sen autorización municipal.

5. Prohíbese expresamente a limpeza, lavado ou reparación de vehículos na vía pública.

Artigo 13. Emisión de perturbacións e contaminantes.

1. Non poderán circular polas vías obxecto desta Ordenanza os vehículos con niveis de emisión de ruído superiores aos regulamentariamente establecidos; así como tampouco emitindo gases ou fumes en valores superiores aos límites establecidos e nos supostos de ser obxecto dunha reforma de importancia non autorizada.

Todos os condutores de vehículos quedan obrigados a colaborar nas probas regulamentarias de detección que permitan comprobar as posibles deficiencias e reformas indicadas.

2. Tanto nas vías públicas urbanas como nas interurbanas se prohíbe a circulación de vehículos a motor e ciclomotores co chamado escape libre, sen o preceptivo silenciador das explosións.

Prohíbese, así mesmo, a circulación dos vehículos mencionados cando os gases expulsados polos motores, en lugar de atravesar un silenciador eficaz, saian dende o motor a través dun incompleto, inadecuado, deteriorado ou a través de tubos resoadores e a dos de motor de combustión interna que circulen sen acharse dotados dun dispositivo que evite a proxección descendente ao exterior de combustible non queimado ou lancen fumes que poidan dificultar a visibilidade aos condutores doutros vehículos ou resulten nocivos.

Os axentes da autoridade poderán inmovilizar o vehículo no caso de que supere os niveis de gases, fumes e ruídos permitidos regulamentariamente, segundo o tipo de vehículo, conforme ao artigo 70.2 do texto articulado da Lei sobre Tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial.

3. Queda prohibida a emisión dos contaminantes a que se refire o apartado 1 producida por vehículos a motor por enriba das limitacións previstas nas normas reguladoras dos vehículos.

4. Igualmente queda prohibida a devandita emisión por outros focos emisores de contaminantes distintos dos producidos por vehículos a motor, calquera que fose a súa natureza, por enriba dos niveis que o Goberno estableza con carácter xeral.

Quedan prohibidos, en concreto, os vertedoiros de lixos e residuos dentro da zona de afección das estradas, en todo caso, e fora dela cando exista perigo de que o fume producido pola incineración dos lixos ou incendios ocasionais poida alcanzar a estrada.

CAPÍTULO SEGUNDO: SINALIZACIÓN

Artigo 14. Sinalización.

2. No suposto a) contemplado no apartado anterior e naqueles vehículos que, aínda tendo signos de abandono, manteñan a placa de matriculación ou dispoñan de calquera signo ou marca visible que permita a identificación do seu titular, requirirase a este, unha vez transcorridos os correspondentes prazos, para que no prazo de quince días retire o vehículo do depósito, coa advertencia de que no caso contrario, se procederá ao seu tratamento como residuo sólido urbano.

Artigo 69. Estacionamento en zona de horario limitado.

Os vehículos que ocupen unha praza de estacionamento con limitación temporal poderán ser retirados en calquera das circunstancias seguintes:

- a)Cando o vehículo non aboe previamente o distintivo de autorización. Presumirase que non se aboou o devandito distintivo cando este non se atope colocado de forma visible en parabrisas de vehículo.*
- b)Cando o tempo de ocupación da praza exceda no dobre do que conste como autorizado no distintivo.*
- c)Cando se produzan situacións especiais de emerxencia, catástrofe ou perigo inminente, os vehículos que dificulten ou imposibiliten o paso dos vehículos dos servizos de emerxencia por estar correcta ou incorrectamente estacionados, ocupando unha praza de estacionamento con limitación temporal, poderán ser apartados, arrastrados, empurrados ou retirados polos medios que teñan ao seu alcance neses momentos os devanditos servizos de emerxencia. Os titulares e/ou condutores dos vehículos incorrectamente estacionados serán responsables dos danos que se lles poida causar nestas manobras, sen prexuízo, ademais da denuncia da infracción cometida.*

Artigo 70. Outros supostos de retirada.

Aínda cando se atopen correctamente estacionados, a Autoridade municipal poderá retirar os vehículos da vía pública nas situacións seguintes:

- a)Cando estean estacionados en lugares nos que estea previsto a realización dun acto público debidamente autorizado.*
- b)Cando estean estacionados en zonas onde se prevexa a realización de labores de limpeza, reparación ou sinalización da vía pública.*
- c)Cando se produzan situacións especiais de emerxencia, catástrofe ou perigo inminente, os vehículos que dificulten ou imposibiliten o paso dos vehículos dos servizos de emerxencia por estar correcta ou incorrectamente estacionados poderán ser apartados, arrastrados, empurrados ou retirados polos medios que teñan ao seu alcance neses momentos os devanditos servizos de emerxencia. Os titulares e/ou condutores dos vehículos incorrectamente estacionados serán responsables dos danos que se lles poida causar nestas manobras, sen prexuízo, ademais da denuncia da infracción cometida.*

O Concello deberá advertir coa antelación suficiente as referidas circunstancias, sempre que iso sexa posible, mediante a colocación dos avisos necesarios.

Unha vez retirados, os vehículos serán conducidos ao lugar de depósito autorizado máis próximo, o cal se porá en coñecemento dos seus titulares.

Artigo 71. Gastos.

Salvo as excepcións legalmente previstas, os gastos que se orixinen como consecuencia da retirada dun vehículo da vía pública e a súa estanza no depósito serán por conta do titular de aquel, que terá que pagalos ou garantir o pagamento como requisito previo á devolución do vehículo, sen prexuízo do dereito de interposición de recurso que o asiste. A retirada do vehículo só poderá facela o seu titular ou persoa autorizada.

Artigo 72. Suspensión da retirada dun vehículo.

A retirada dun vehículo da vía pública suspenderase inmediatamente, se o condutor comparece antes de que a grúa inicie a súa marcha co vehículo enganchado e toma as medidas necesarias para facer cesar a situación irregular na que se atopaba, logo de abono de taxa que, no seu caso, proceda por desprazamento de grúa e/ou inmovilización.

Artigo 73. Retirada de obxectos da vía pública.

Serán retirados inmediatamente da vía pública polo Concello todos aqueles obxectos que se atopen nesta e non haxa persoa ningunha que se faga responsable destes, os cales serán trasladados ao lugar de depósito autorizado máis próximo.

De igual forma actuarase no caso de que o obxecto entorpeza o tráfico de peóns ou de vehículos, así coma se o seu propietario se negase a retiralo de inmediato.

TÍTULO QUINTO: DA RESPONSABILIDADE

Artigo 74. Autoría.

1. A responsabilidade das infraccións ao disposto na Lei Seguridade Vial, nos seus regulamentos e na presente Ordenanza, recaerá directamente no autor do feito en que consista a infracción, agás no suposto dos pasaxeiros dos vehículos que estean obrigados a utilizar o casco de protección ou o cinto e outros elementos de seguridade nos casos e nas condicións que regulamentariamente se determinan, en que a responsabilidade pola infracción recaerá no condutor.

2. Cando a autoría dos feitos cometidos corresponda a un menor de dezoito anos, responderán solidariamente por el os seus pais, titores, acolledores e gardadores legais ou de feito, por esta orde, en razón ao incumprimento da obriga imposta a estes que leva consigo un deber de previr a infracción administrativa que se imputa aos menores.

A responsabilidade solidaria quedará referida estritamente á pecuniaria derivada da multa imposta, que poderá ser moderada pola autoridade sancionadora.

Cando se trate de infraccións leves, previo o consentimento das persoas referidas no primeiro parágrafo deste apartado, poderá substituírse a sanción económica de multa por medidas sociais relacionadas coa seguridade vial.

3. O titular que figure no Rexistro de Vehículos da Dirección Xeral de Tráfico será en todo caso responsable polas infraccións relativas á documentación do vehículo, as relativas ao estado de conservación, cando as deficiencias afecten ás condicións de seguridade do vehículo e polas derivadas do incumprimento das normas relativas a recoñecementos periódicos.

4. O titular ou arrendatario do vehículo co que se cometera unha infracción debidamente requirido para iso, ten deber de identificar verazmente ao condutor responsable da infracción e se incumprise esta obriga no trámite procedemental oportuno sen causa xustificada, será sancionado pecuniariamente como autor de infracción moi grave, prevista no artigo 65.5.i) da Lei de Seguridade Vial.

Nos mesmos termos responderán as persoas especificadas no parágrafo anterior cando non sexa posible notificar a denuncia ao condutor que aqueles identifiquen, por causa imputable a eles.

5. As empresas de aluguer sen condutor a curto prazo acreditarán o cumprimento da obriga legal de identificar o condutor responsable da infracción mediante a remisión, ao órgano instrutor correspondente, dun duplicado ou copia do contrato de arrendamento onde quede acreditado o concepto de condutor da persoa que figure no contrato.

TÍTULO SEXTO: PROCEDEMENTO SANCIONADOR

Artigo 75. Órgano competente.

Será competencia da Alcaldía, ou da Concellaría na que aquela delegue, a imposición das sancións por infracción aos preceptos contidos na presente Ordenanza.

Artigo 76. Valor probatorio das denuncias dos axentes.

As denuncias dos Axentes da Policía Local, cando exerzan funcións de vixilancia e control da circulación vial, terán valor probatorio, sen prexuízo do deber daqueles de achegar todas as probas que sexan posibles sobre os feitos da denuncia e sen prexuízo, así mesmo, das probas que na súa defensa poidan achegar ou designar os denunciados.

Artigo 77. Denuncias dos vixilantes de estacionamento limitado e cidadáns.

Os vixilantes das zonas de estacionamento limitado virán obrigados a denunciar as infraccións xerais de estacionamento que observen e as referidas á normativa específica que regula as devanditas zonas. O aviso de infracción dos controladores de aparcamento, aínda que fosen entregados en man, non constitúen notificación de denuncia, nin teñen o efecto de incoación de expediente, nin de inicio de cómputo de prazos.

Así mesmo, calquera persoa poderá formular denuncia das infraccións aos preceptos da presente Ordenanza que puidese observar.

En ámbolos dous casos, a denuncia non terá presunción de veracidade, pero se é ratificada polo denunciante adquirirá a consideración de proba, que será valorada polo órgano instructor do expediente.

Artigo 78. Procedemento administrativo.

1. O procedemento administrativo para a imposición de sancións por infracción dos preceptos recollidos nesta Ordenanza rexerese polo que ao respecto establece a Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, o Regulamento de Procedemento Sancionador en materia de Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial e normativa concordante.

2. O órgano encargado da instrución dos expedientes sancionadores será a Unidade de Instrución de Sancións Municipais de Tráfico da Deputación Provincial de A Coruña.

Artigo 79. Recursos.

Sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer calquera outro recurso que estimen procedente contra as resolucións ditadas nos expedientes sancionadores, que poñen fin á vía administrativa, poderán interpoñer potestativamente, recurso de reposición, no prazo dun mes, contado dende a notificación da resolución, de acordo co previsto nos arts. 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, ou ben interpoñer, directamente e no prazo de dous meses, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, conforme ao disposto no art. 109.c) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e art. 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

O abono do importe da multa indicado na notificación da notificación da denuncia, tanto se é o sinalado polo axente no acto da denuncia como na notificación enviada posteriormente polo instructor, na forma que se determina no parágrafo terceiro do artigo 67.1 da de Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, implicará unicamente a renuncia a formular alegacións e a terminación do procedemento sen necesidade de que se dite resolución expresa, salvo que proceda acordar a suspensión do permiso ou a licenza de condución e sen prexuízo da posibilidade de interpoñer os correspondentes recursos.

Artigo 80. Prazo de prescripción.

1. O prazo de prescripción das infraccións previstas na Lei de Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, será o de tres meses para as infraccións leves, seis meses para as infraccións graves e un ano para as infraccións moi graves.

O prazo de prescripción cóntase a partir do día en que os feitos se houberen cometido. A prescripción interrómpese por calquera actuación administrativa da que teña coñecemento o denunciado ou estea encamiñada a descubrir a súa identidade ou domicilio e se practiquen con proxección externa á dependencia en que se orixine. Tamén se interrompe a prescripción pola notificación efectuada de acordo co establecido no artigo 78 da Lei de Seguridade Vial. A prescripción continúaase se o procedemento se paraliza durante máis dun mes por causa non imputable ao denunciado.

2. O prazo de prescripción das sancións será dun ano, computado dende o día seguinte a aquel en que adquira firmeza en vía administrativa a resolución pola que se impoña a correspondente sanción. Interromperá a prescripción a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento de execución, volvendo transcorrer o prazo se aquel está paralizado durante máis dun mes por causa non imputable ao infractor.

Artigo 81 .Contía das multas.

1. As infraccións que puidesen cometerse contra o disposto na presente Ordenanza serán sancionadas coas multas previstas na Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial.

No Anexo desta Ordenanza recóllense, de acordo coa devandita norma, aquelas infraccións máis comúns contra o Real Decreto Lexislativo 339/1990, de 2 de marzo, polo que se aproba o Texto articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, contra o Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, por o que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do Texto Articulado e contra a presente Ordenanza, así como o importe das sancións que corresponde ás mesmas, sen prexuízo do establecido no parágrafo anterior.

2. Aquelas infraccións que non estando explicitamente previstas no Anexo da presente Ordenanza, se achen tipificadas na lexislación sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial ou nas súas normas de desenvolvemento e resultasen de competencia municipal polo tipo de vía en que se cometen e pola materia sobre a versan, serán sancionadas pola Autoridade municipal da seguinte forma, salvo que na citada normativa se indique expresamente outra cousa:

- a) Infraccións leves: multa de 60 euros.
- b) Infraccións graves: multa de 120 euros.
- c) Infraccións moi graves: multa de 310 euros.

3. Naqueles supostos nos que o titular dun permiso ou licenza de condución sexa sancionado en firme en vía administrativa pola comisión dalgunha das infraccións que, de conformidade coa lexislación vixente ao devandito efecto, leve aparellada a perda de puntos, comunicarase á Xefatura Provincial de Tráfico, órgano competente para a súa detracción.

Artigo 82. Redución e residencia.

1. As multas poderán facerse efectivas cunha redución do 30% sobre a contía que se consignara correctamente no Boletín de denuncia polo axente ou, no seu defecto, na notificación posterior da devandita denuncia realizada polo instrutor do expediente, sempre que o devandito pagamento se efectúe durante os trinta días naturais seguintes a aquel en que teña lugar a

citada notificación. O abono anticipado coa redución anteriormente sinalada, salvo que proceda impoñer ademais a medida de suspensión do permiso ou da licenza de conducir, implicará unicamente a renuncia a formular alegacións e a terminación do procedemento sen necesidade de ditar resolución expresa, sen prexuízo da posibilidade de interpoñer os recursos correspondentes.

2. Cando o infractor non acredite a súa residencia legal en territorio español, o Axente denunciante fixará provisionalmente a contía da multa e, de non se depositar o seu importe, inmovilizará o vehículo.

Artigo 83. Pago das multas.

O pagamento das multas, tanto ordinario como anticipado, deberá facerse efectivo ante o Servizo de Recadación da Deputación Provincial de A Coruña, a través das entidades colaboradoras deste.

Cando non se faga uso da posibilidade de pagamento anticipado, deberán facerse efectivas dentro dos quince días hábiles seguintes á data en que a resolución sancionadora adquirira firmeza na vía administrativa.

Transcorrido o devandito prazo sen efectuarse o ingreso, a súa exacción levarase a cabo polo procedemento de constrinximento, constituíndo título executivo suficiente a providencia de apuro ditada ao efecto pola Tesouraría da Deputación Provincial.

DISPOSICIÓN FINAL

1.A presente Ordenanza derroga o resto de normas do mesmo rango deste Concello, que se opoñan, contradigan ou non desenvolvan debidamente o seu contido.

2.Esta Ordenanza, que consta de artigos e unha disposición final, entrará en vigor, unha vez aprobado definitivamente polo Concello, e publicado o seu texto integramente no Boletín Oficial da Provincia, transcorrido o prazo previsto no artigo 65,2 da Lei 7/1985, de 2 de abril.

O alcalde en funcións=(Decreto 1042/2009)=J. M. Francisco Mata Buyo”

ANEXO I: DE INFRACCIÓNS E SANCIÓN S.

No presente Anexo recóllense aquelas infraccións máis comúns contra o Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, polo que se aproba o Texto articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial, contra o Real Decreto 1428/2003, do 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do Texto articulado e contra a presente Ordenanza, así como o importe das sancións que corresponde ás mesmas.

NOMENCLATURA EMPREGADA:

LSV: Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, polo que se aproba o Texto articulado da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial.

CIR: Real Decreto 1428/2003, do 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación.

OMT: Ordenanza Municipal de Tráfico.

ART: Artigo.

APART: Apartado do artigo.

OPC: Opción dentro do apartado do artigo.

INF: Cualificación da infracción:

L: Leve

G: Grave

MG: Moi Grave

| INFRACCIÓNS AO CIR E LSV | | | | INFRACCIÓNS Á OMT | | | FEITO DENUNCIADO | INF | MULTA € |
|-----------------------------|-----|-------|-----|----------------------|-------|-----|---|-----|---------|
| Norma | Art | Apart | Opc | Art | Apart | Opc | | | |
| CIR | 2 | 1 | 1A | | | | Comportarse indebidamente na circulación. (Detallar o comportamento e o tipo de molestia causada). | L | 60 |
| CIR | 3 | 1 | 2A | | | | Conducir de forma manifestamente temeraria. (Detallar a conduta). | MG | 450 |
| CIR | 3 | 1 | 2B | | | | Conducir de forma negligente creando risco para outros usuarios da vía. (Detallar a conduta e o risco creado). | G | 300 |
| CIR | 3 | 1 | 2C | | | | Conducir de forma negligente. (Detallar a conduta). | G | 150 |
| CIR | 4 | 1 | | | | | Realizar obras na vía sen autorización municipal | G | 150 |
| CIR | 4 | 1 | | | | | Retirar ou deteriorar a sinalización permanente ou ocasional (Detallar a sinalización). | G | 150 |
| CIR | 4 | 1 | | | | | Ocupar a vía pública con colectores, grúas de construción, estadas ou valla, sen autorización municipal. | L | 60 |
| CIR | 4 | 3 | | | | | Realizar rodaxes, enquisas ou ensaios, con ou sen carácter provisional, que poidan entorpecer a circulación. | L | 60 |
| CIR | 5 | 1 | 1A | | | | Non facer desaparecer o antes posible un obstáculo ou perigo sobre a vía por quen o crease. (Detallar o obstáculo creado). | L | 60 |
| CIR | 5 | 3 | 1A | | | | Non sinalizar de forma eficaz o obstáculo ou perigo creado. (Detallar a sinalización empregada ou a súa falta). | L | 60 |
| CIR | 5 | 3 | 1 | | | | Deter, parar ou estacionar un vehículo de servizo de urxencia, asistencia sanitaria ou mecánica, constituíndo un perigo para a circulación. (Detallar as circunstancias). | G | 150 |
| CIR | 6 | | 2B | | | | Botar, depositar ou abandonar sobre a vía ou nas súas inmediacións obxectos que poden poñer en perigo a seguridade vial. (Detallar o obxecto e o tipo de perigo). | G | 150 |
| CIR | 6 | | 2B | | | | Botar ou depositar na vía ou nas súas inmediacións obxectos que poidan producir incendios ou accidentes. (Detallar o obxecto). | G | 150 |
| CIR | 6 | | 2C | | | | Botar ou depositar na vía ou nas súas inmediacións obxectos que poidan prexudicar o medio natural. (Detallar o obxecto e o lugar onde fose botado ou depositara). | G | 150 |
| CIR | 7 | 1 | | | | | Non colaborar nas probas establecidas para a detección de emisións de ruídos ou contaminantes, etc. | G | 150 |
| CIR | 7 | 2 | | | | | Circular cun vehículo a motor ou ciclomotor co escape libre ou con silenciador ineficaz. | G | 150 |
| CIR | 7 | 3 | | | | | Emitir ruídos, gases e fumes con valores superiores aos establecidos. | G | 150 |
| CIR | 7 | 4 | | | | | Producir fume con ocasión de queima de vertedoiros de lixos e residuos afectando á vía. | G | 150 |

| INFRACCIÓNS AO CIR E LSV | | | | INFRACCIÓNS Á OMT | | | FEITO DENUNCIADO | INF | MULTA € |
|-----------------------------|-----|-------|-----|----------------------|-------|-----|--|-----|---------|
| Norma | Art | Apart | Opc | Art | Apart | Opc | | | |
| CIR | 9 | 1 | 2A | | | | Transportar no vehículo un número de persoas superior ao das prazas autorizadas, sen que o exceso supere nun 50% ditas prazas. | L | 60 |
| CIR | 9 | 3 | 2A | | | | Transportar no vehículo un número de persoas excedendo en máis dun 50% o máximo de prazas autorizadas, excluído o condutor. | MG | 450 |
| CIR | 10 | 2 | 1A | | | | Transportar persoas en localizacións distintas aos destinados e acondicionados para elas no vehículo | L | 60 |
| CIR | 10 | 4 | | | | | Non levar instalada no vehículo a protección regulamentaria da carga. | MG | 310 |
| CIR | 12 | 1 | 3A | | | | Circular 2 persoas nun ciclo en condicións distintas ás regulamentarias. (Detallar o incumprimento). | L | 60 |
| CIR | 12 | 2 | 2C | | | | Circular con menores de 12 anos como pasaxeiro de motocicletas ou ciclomotores en condicións distintas ás regulamentarias. | G | 150 |
| CIR | 12 | 4 | 1A | | | | Circular cunha motocicleta, vehículo de 3 rodas, ciclomotor, ciclo ou bicicleta, arrastrando un remolque en condicións distintas ás regulamentarias. (Detallar o incumprimento). | L | 60 |
| CIR | 13 | 1 | 1A | | | | Circular cun vehículo a masa da cal e dimensións superen os límites establecidos regulamentariamente. (Detallar dimensións ou masa) | MG | 310 |
| CIR | 14 | 1A | 1A | | | | Circular cun vehículo a carga do cal pode caer sobre a vía a causa do seu indebido acondicionamento. | L | 60 |
| CIR | 14 | 1C | 1A | | | | Circular cun vehículo a carga do cal produce po ou molestias aos demais usuarios. | L | 60 |
| CIR | 14 | 1D | 1A | | | | Circular cun vehículo a carga do cal oculta os dispositivos de sinalización, iluminación, placas de matrícula, etc. | L | 60 |
| CIR | 14 | 2 | 1A | | | | Circular cun vehículo sen cubrir total e eficazmente a carga transportada. | L | 60 |
| CIR | 15 | 1 | 1A | | | | Circular cun vehículo a carga do cal sobresa da proxección en planta, incluída a carga indivisible. | L | 60 |
| CIR | 15 | 6 | 1A | | | | Non sinalizar regulamentariamente a carga que sobresa lonxitudinalmente do vehículo. | L | 60 |
| CIR | 15 | 7 | 1A | | | | Non sinalizar regulamentariamente a carga que sobresa lateralmente do gálibo do vehículo. | L | 60 |
| CIR | 17 | 1 | | | | | Non adoptar o condutor do vehículo salientado, ao aproximarse a outros usuarios da vía, as condicións necesarias para a súa seguridade. | L | 60 |
| CIR | 18 | 1 | 1A | | | | Conducir o vehículo sen manter a propia liberdade de movementos. (Detallar os feitos). | L | 60 |
| CIR | 18 | 1 | 1B | | | | Conducir o vehículo salientado sen manter o campo de visión necesario para a conducción. (Detallar os feitos). | L | 60 |
| CIR | 18 | 1 | 1C | | | | Conducir un vehículo sen manter a atención permanente na conducción. (Detallar | L | 60 |

| INFRACCIÓNS AO CIR E LSV | | | | INFRACCIÓNS Á OMT | | | FEITO DENUNCIADO | INF | MULTA € |
|--------------------------|-----|-------|-----|-------------------|-------|-----|--|-----|---------|
| Norma | Art | Apart | Opc | Art | Apart | Opc | | | |
| | | | | | | | os feitos). | | |
| CIR | 18 | 1 | 1D | | | | Conducir un vehículo sen coidar a axeitada colocación dos obxectos transportados para que non interfiran na condución. (Detallar os feitos). | L | 60 |
| CIR | 18 | 1 | 1E | | | | Conducir un vehículo sen coidar a axeitada colocación dalgún animal para que non interfira na condución. (Detallar os feitos). | L | 60 |
| CIR | 18 | 1 | 1F | | | | Circular cun vehículo utilizando o condutor dispositivos visuais incompatibles coa atención permanente á condución. (Detallar o dispositivo). | G | 150 |
| CIR | 18 | 2 | 2C | | | | Conducir utilizando cascos ou auriculares conectados a aparatos reprodutores de sons. | G | 150 |
| CIR | 18 | 2 | 2D | | | | Conducir utilizando sistemas de telefonía móbil ou comunicación que requiran a utilización das mans do condutor. | G | 150 |
| CIR | 18 | 3 | 1A | | | | Circular levando instalado un mecanismo ou sistema encamiñado a eludir a vixilancia do tráfico. (Detallar o mecanismo ou sistema). | G | 150 |
| CIR | 18 | 3 | 1B | | | | Circular cun vehículo a matrícula do cal non é visible por ser alterada para eludir a vixilancia do tráfico. (Detallar o sistema ou método empregado). | G | 150 |
| CIR | 18 | 3 | 3A | | | | Emitir calquera clase de sinal para advertir aos demais usuarios da presenza dos Axentes de tráfico. | G | 150 |
| CIR | 19 | 1 | 2A | | | | Conducir un vehículo a superficie acritalar do cal non permite ao seu condutor a visibilidade diáfana da vía pola colocación de láminas, adhesivos, cortinas, cristais tintados ou outros elementos non autorizados. | G | 150 |
| CIR | 20 | 1 | 3A | | | | Circular cunha taxa de alcohol en aire expirado superior a 0,25 mg/l, que é a establecida para condutores en xeral, superando os 0,50 mg/l. (Para valores ata 0,66 mg/l). | MG | 600 |
| CIR | 20 | 1 | 3A | | | | Circular cunha taxa de alcohol en aire expirado superior a 0,25 mg/l, que é a establecida para condutores en xeral, superando os 0,50 mg/l. (Para valores superiores a 0,66 mg/l). | MG | 600 |
| CIR | 20 | 1 | 3B | | | | Circular cunha taxa de alcohol en aire expirado superior a 0,15 mg/l, que é a establecida para condutores profesionais e noveis, superando un resultado de 0,30 mg/l. (Para valores ata 0,35 mg/l). | MG | 600 |
| CIR | 20 | 1 | 3B | | | | Circular cunha taxa de alcohol en aire expirado superior a 0,15 mg/l, que é a establecida para condutores profesionais e noveis, superando un resultado de 0,30 mg/l. (Para valores superiores a 0,35 mg/l). | MG | 600 |
| CIR | 20 | 1 | 3C | | | | Circular cunha taxa de alcohol en aire expirado superior a 0,25 mg/l, que é a establecida para condutores en xeral, cun resultado entre 0,29 e 0,31 mg/l.. | MG | 450 |
| CIR | 20 | 1 | 3C | | | | Circular cunha taxa de alcohol en aire expirado superior a 0,25 mg/l, que é a establecida para condutores en xeral, cun resultado entre 0,32 e 0,34 mg/l. | MG | 520 |

| INFRACCIÓNS AO CIR E LSV | | | | INFRACCIÓNS Á OMT | | | FEITO DENUNCIADO | INF | MULTA € |
|--------------------------|-----|-------|-----|-------------------|-------|-----|--|-----|---------|
| Norma | Art | Apart | Opc | Art | Apart | Opc | | | |
| CIR | 20 | 1 | 3C | | | | Circular cunha taxa de alcohol en aire expirado superior a 0,25 mg/l, que é a establecida para condutores en xeral, cun resultado entre 0,35 e 0,50 mg/l. | MG | 600 |
| CIR | 20 | 1 | 3D | | | | Circular cunha taxa de alcohol en aire expirado superior a 0,15 mg/l, que é a establecida para condutores profesionais e noveis, cun resultado entre 0,19 e 0,21 mg/l. | MG | 450 |
| CIR | 20 | 1 | 3D | | | | Circular cunha taxa de alcohol en aire expirado superior a 0,15 mg/l, que é a establecida para condutores profesionais e noveis, cun resultado entre 0,22 e 0,24 mg/l. | MG | 520 |
| CIR | 20 | 1 | 3D | | | | Circular cunha taxa de alcohol en aire expirado superior a 0,15 mg/l, que é a establecida para condutores profesionais e noveis, cun resultado entre 0,25 e 0,30 mg/l. | MG | 600 |
| CIR | 21 | | 2A | | | | Negarse a someterse ás probas de detección do grao de alcoholemia. (Detallar se presenta ou non síntomas evidentes de estar baixo a influencia do alcohol). | MG | 450 |
| CIR | 27 | 1 | 1A | | | | Conducir baixo os efectos de estupefacientes, psicotrópicos, estimulantes e outras substancias similares. (Detallar as condicións e os síntomas do denunciado) | MG | 450 |
| CIR | 28 | 1 | 1A | | | | Negarse a someterse ás probas para a detección de estupefacientes, psicotrópicos e substancias similares. (Detallar se presenta ou non síntomas evidentes de estar baixo a influencia este tipo de substancias). | MG | 450 |
| CIR | 29 | 1 | 2A | | | | Circular pola esquerda nunha vía de dobre sentido da circulación, en sentido contrario ao establecido sen estar a realizar manobra de adiantamento. | MG | 450 |
| CIR | 29 | 1 | 1C | | | | Circular por unha vía de dobre sentido da circulación sen arrimarse o máis preto posible ao bordo dereito da calzada para manter a separación lateral suficiente que permita cruzarse con seguridade con outro vehículo. | L | 60 |
| CIR | 30 | 1 | 1A | | | | Circular pola beiravía, non existindo razóns de emerxencia. | L | 60 |
| CIR | 30 | 1 | 1B | | | | Circular polo carril central ou o da esquerda en calzadas con dous ou máis carrís para cada sentido da marcha sen intencións de adiantar ou cambio de dirección. | L | 60 |
| CIR | 30 | 1 | 1B | | | | Circular polo carril da esquerda en calzada de dous ou máis carrís para cada sentido, sen intencións de adiantar nin cambiar de dirección, entorpecendo a circulación. | L | 60 |
| CIR | 30 | 1B | 2B | | | | Circular polo carril situado máis á esquerda en sentido contrario ao estipulado, en calzada de dobre sentido da circulación e tres carrís separados por marcas viais | MG | 450 |
| CIR | 31 | | 1A | | | | Circular polo carril da esquerda en calzadas urbanas de dous carrís de circulación no mesmo sentido estando libre o da dereita. | L | 60 |
| CIR | 36 | 1 | 1A | | | | Non circular pola beiravía transitábel da súa dereita, cun vehículo obrigado a facelo. (Detallar o tipo de vehículo). | L | 60 |
| CIR | 36 | 1 | | | | | Circular ocupando a calzada máis do debido, conducindo un vehículo que debe | L | 60 |

| INFRACCIÓNS AO CIR E LSV | | | | INFRACCIÓNS Á OMT | | | FEITO DENUNCIADO | INF | MULTA € |
|-----------------------------|-----|-------|-----|----------------------|-------|-----|---|-----|---------|
| Norma | Art | Apart | Opc | Art | Apart | Opc | | | |
| | | | | | | | circular pola beiravía. (Detallar a clase de vehículo) | | |
| CIR | 36 | 2 | 1A | | | | Circular en posición paralela con vehículos prohibidos expresamente para iso. | MG | 450 |
| CIR | 37 | 1 | 2B | | | | Circular en sentido contrario ao ordenado pola Autoridade competente por razóns de seguridade e fluidez no tráfico. | MG | 450 |
| CIR | 37 | 1 | 3A | | | | Circular sen autorización contravindo a ordenación determinada pola Autoridade competente por razóns de fluidez ou seguridade do tráfico | MG | 450 |
| CIR | 39 | 2 | 2A | | | | Circular cun vehículo sometido a restricións de circulación, en sentido contrario ao estipulado pola Autoridade. | MG | 450 |
| CIR | 39 | 4 | 2A | | | | Circular contravindo as restricións temporais á circulación impostas polos Axentes encargados da vixilancia do tráfico. | MG | 450 |
| CIR | 39 | 5 | 2A | | | | Circular por un tramo restrinxido carecendo de autorización especial. | MG | 450 |
| CIR | 40 | 1 | 1A | | | | Circular por un carril reversible sen levar arranque a iluminación de cruzamento regulamentario. | G | 150 |
| CIR | 40 | 2 | 2A | | | | Circular por un carril reversible en sentido contrario ao estipulado. | MG | 450 |
| CIR | 41 | 1 | 1B | | | | Circular por un carril habilitado para circular en sentido contrario ao habitual, sen a iluminación de cruzamento. | G | 150 |
| CIR | 41 | 1 | 1E | | | | Circular por un carril contiguo ao habilitado en sentido contrario ao habitual, sen levar arranque a iluminación de cruzamento. | G | 150 |
| CIR | 41 | 1 | 2A | | | | Circular por un carril habilitado para circular en sentido contrario ao habitual, cun vehículo non autorizado regulamentariamente. | MG | 450 |
| CIR | 41 | 1 | 3A | | | | Circular en sentido contrario ao estipulado (circular polo carril habilitado invadindo o contiguo en sentido contrario, ou circular por este invadindo o habilitado). | MG | 450 |
| CIR | 41 | 1 | 3C | | | | Desprazarse lateralmente a un carril contiguo destinado ao sentido normal da circulación dende outro carril habilitado para a circulación en sentido contrario ao habitual. | MG | 450 |
| CIR | 42 | 1 | 1A | | | | Circular por un carril adicional sen levar arranque a iluminación de cruzamento. | L | 60 |
| CIR | 42 | 1 | 2B | | | | Desprazarse lateralmente a un carril destinado ao sentido normal da circulación dende un carril adicional, invadindo o sentido contrario. | L | 90 |
| CIR | 42 | 1 | 2C | | | | Desprazarse lateralmente dende un carril destinado ao sentido normal de circulación a un carril adicional, invadindo o sentido contrario. | L | 90 |
| CIR | 42 | 1 | 2D | | | | Circular polo carril adicional en sentido contrario ao estipulado. | MG | 450 |
| CIR | 43 | 1 | 2A | | | | Circular en sentido contrario ao estipulado nunha vía de dobre sentido de circulación onde exista un refuxio, illote ou dispositivo de guía. | MG | 450 |
| CIR | 43 | 2 | 2A | | | | Circular por unha praza, glorieta ou encontro de vías, en sentido contrario ao | MG | 450 |

| INFRACCIÓNS AO CIR E LSV | | | | INFRACCIÓNS Á OMT | | | FEITO DENUNCIADO | INF | MULTA € |
|-----------------------------|-----|-------|-----|----------------------|-------|-----|--|-----|---------|
| Norma | Art | Apart | Opc | Art | Apart | Opc | | | |
| | | | | | | | estipulado. | | |
| CIR | 44 | | 2A | | | | Circular en sentido contrario ao estipulado en vía dividida en máis dunha calzada | MG | 450 |
| CIR | 45 | | | | | | Circular a velocidade que non lle permite deter o vehículo dentro dos límites do seu campo de visión. (Detallar as circunstancias). | G | 120 |
| CIR | 46 | 1 | 1A | | | | Circular cun vehículo sen moderar a velocidade e, no seu caso, sen deterse cando o esixen as circunstancias. (Detallar as circunstancias). | G | 150 |
| CIR | 46 | 1 | 1B | | | | Circular sen a debida precaución en caso de cruzamento ou intersección sen sinalización que o regule. | G | 150 |
| CIR | 46 | 1 | 1I | | | | Circular sen a debida precaución cando a calzada é estreita | G | 150 |
| CIR | 46 | 1 | 2B | | | | Circular sen a debida precaución ante a previsible existencia por sinalización expresa de nenos, anciáns ou impedidos. | G | 150 |
| CIR | 46 | 1 | E | | | | Circular sen a debida precaución en caso de proximidade a un autobús realizando a parada, ou se se trata de transporte escolar e de menores. | G | 150 |
| CIR | 46 | 1 | K | | | | Circular sen a debida precaución en caso de visibilidade reducida. | G | 150 |
| CIR | 46 | 1 | | | | | Circular sen as debidas precaucións ante a existencia dunha grande afluencia de peóns ou de vehículos | G | 150 |
| CIR | 49 | 1 | 1A | | | | Circular a velocidade anormalmente reducida sen causa xustificada, entorpecendo a circulación | G | 150 |
| CIR | 49 | 3 | 1A | | | | Circular a velocidade inferior á mínima esixida sen utilizar a sinalización luminosa de emerxencia. | G | 150 |
| CIR | 53 | 1 | 1B | | | | Reducir bruscamente a velocidade con risco de colisión para os vehículos que o seguen. | G | 300 |
| CIR | 53 | 1 | 2A | | | | Reducir considerablemente a velocidade, sen advertilo previamente aos demais usuarios. | G | 120 |
| CIR | 54 | 1 | 1A | | | | Circular detrás doutro vehículo sen deixar espazo libre para que lle permita deterse, sen colisionar, en caso de freada brusca do que o precede. | G | 150 |
| CIR | 54 | 2 | 1A | | | | Circular detrás doutro vehículo sen sinalizar o propósito de adiantalo, cunha separación que non permite á súa vez ser adiantado con seguridade. | G | 150 |
| CIR | 54 | 2 | 1B | | | | Circular detrás doutro vehículo sen sinalar o seu propósito de adiantalo, mantendo unha separación inferior a 50 metros. (Aplicable a vehículos de MMA superior a 3.500 kg e conxuntos de vehículos de lonxitude superior a 10 mts). | G | 150 |
| CIR | 55 | 2 | 1A | | | | Celebrar unha carreira ou competición entre vehículos sen autorización. | MG | 450 |
| CIR | 55 | 2 | 1B | | | | Celebrar unha proba competitiva ou deportiva na vía sen autorización. | MG | 450 |
| CIR | 55 | 2 | 1C | | | | Realizar unha marcha ciclista na vía pública sen autorización. | MG | 450 |
| CIR | 56 | | 3A | | | | Non ceder o paso en intersección, obrigando o condutor doutro vehículo que | G | 150 |

| INFRACCIÓNS AO CIR E LSV | | | | INFRACCIÓNS Á OMT | | | FEITO DENUNCIADO | INF | MULTA € |
|-----------------------------|-----|-------|-----|----------------------|-------|-----|--|-----|---------|
| Norma | Art | Apart | Opc | Art | Apart | Opc | | | |
| | | | | | | | circula con prioridade a frear ou manobrar bruscamente. | | |
| CIR | 57 | 1 | 2A | | | | Non ceder o paso nunha intersección a un vehículo que se aproxima pola súa dereita, obrigando o seu condutor a manobrar bruscamente. | G | 150 |
| CIR | 57 | 1C | 2A | | | | Acceder a unha glorieta sen ceder o paso a un vehículo que circula por esta. | G | 150 |
| CIR | 58 | 1 | 2A | | | | Non mostrar con suficiente antelación, pola súa forma de circular e especialmente coa redución paulatina da velocidade, que vai ceder o paso nunha intersección. | G | 120 |
| CIR | 59 | 1 | 1A | | | | Entrar nunha intersección quedando detido de forma que impida a circulación transversal. | G | 150 |
| CIR | 59 | 1 | 1B | | | | Entrar nun paso para peóns quedando detido de forma que impide a circulación dos peóns. | G | 150 |
| CIR | 59 | 1 | 1C | | | | Entrar nun paso de ciclistas, quedando detido de forma que impide a circulación dos ciclistas. | G | 150 |
| CIR | 60 | 1 | 1A | | | | Non respectar a prioridade de paso doutro vehículo que entrou primeiro nun tramo estreito non sinalizado ao efecto. | G | 150 |
| CIR | 60 | 4 | | | | | Non situarse arrimado á dereita e detrás dun vehículo que chegou anteriormente, o cal se atopaba inmovilizado na vía por razóns de obras. | G | 120 |
| CIR | 60 | 5 | 1A | | | | Non seguir as indicacións do persoal destinado a regular o tráfico en tramos sinalizados en obras. | G | 120 |
| CIR | 61 | | 1A | | | | Non respectar a prioridade de paso nun estreitamento da calzada sinalizado ao efecto. | G | 150 |
| CIR | 62 | | 1A | | | | Non respectar a orde de preferencia nun estreitamento non sinalizado, o condutor do vehículo que regulamentariamente deba dar marcha atrás. | G | 150 |
| CIR | 63 | | 1A | | | | Non respectar a prioridade de paso en tramo estreito de grande pendente. | G | 150 |
| CIR | 64 | | 2A | | | | Non respectar as normas sobre prioridade de paso para ciclistas, implicando risco para estes. (Detallar o risco). | G | 150 |
| CIR | 64 | | 2B | | | | Non respectar as normas sobre prioridade de paso para ciclistas, sen risco para estes. | G | 120 |
| CIR | 65 | 1 | 2A | | | | Non respectar as normas sobre prioridade de paso dos peóns implicando risco para estes. (Detallar o risco). | G | 150 |
| CIR | 65 | 1 | 2B | | | | Non respectar as normas sobre prioridade de paso dos peóns, sen risco para estes. | G | 120 |
| CIR | 68 | 1 | 1A | | | | Conducir un vehículo prioritario, en servizo urxente, sen adoptar as precaucións precisas para non poñer en perigo os demais usuarios. (Detallar a manobra e o perigo creado). | G | 150 |
| CIR | 68 | 1 | 1B | | | | Non situar un vehículo prioritario no lugar sinalado polos Axentes da Autoridade. | G | 150 |
| CIR | 69 | | 1A | | | | Non facilitar o paso a un vehículo prioritario en servizo de urxencia, despois de | L | 90 |

| INFRACCIÓNS AO CIR E LSV | | | | INFRACCIÓNS Á OMT | | | FEITO DENUNCIADO | INF | MULTA € |
|-----------------------------|-----|-------|-----|----------------------|-------|-----|--|-----|---------|
| Norma | Art | Apart | Opc | Art | Apart | Opc | | | |
| CIR | 69 | | 1B | | | | percibir os sinais que anuncian a súa proximidade. Non deter o vehículo coas debidas precaucións no lado dereito da calzada, cando un vehículo policial manifesta a súa presenza regulamentariamente. | L | 90 |
| CIR | 70 | 1 | | | | | Circular cun vehículo non prioritario en situación análoga á dun prioritario, sen adoptar as medidas necesarias para que os demais usuarios advirtan a súa presenza. | G | 150 |
| CIR | 70 | 2 | | | | | Circular cun vehículo non prioritario en situación análoga á dun prioritario, sen respectar as normas de circulación. | G | 150 |
| CIR | 72 | 1 | 1A | | | | Incorporarse á circulación sen ceder o paso a outro vehículo obrigando o seu condutor a manobrar bruscamente. | G | 150 |
| CIR | 72 | 1 | 2A | | | | Non advertir coa correspondente sinalización óptica a manobra de incorporación á circulación. | G | 150 |
| CIR | 72 | 4 | 1A | | | | Incorporarse á calzada procedente dun carril de aceleración sen ceder o paso a outro vehículo, obrigando o seu condutor a manobrar bruscamente. | G | 150 |
| CIR | 73 | 1 | 1A | | | | Non facilitar a incorporación á circulación doutro vehículo. | L | 60 |
| CIR | 73 | 1 | 1B | | | | Non facilitar a incorporación á circulación dun vehículo de transporte colectivo de viaxeiros dende unha parada sinalizada. | L | 60 |
| CIR | 74 | 1 | 1B | | | | Realizar un cambio de dirección á esquerda con perigo para os vehículos que se achegan en sentido contrario | G | 150 |
| CIR | 74 | 1 | 1C | | | | Efectuar un cambio de dirección á esquerda sen visibilidade. | G | 150 |
| CIR | 74 | 1 | 2A | | | | Efectuar un cambio de dirección sen advertilo con suficiente antelación aos condutores dos vehículos que circulan detrás do seu. | G | 100 |
| CIR | 74 | 2 | 1A | | | | Cambiar de carril sen respectar a prioridade de paso do que circula polo carril que se pretende ocupar. | G | 150 |
| CIR | 75 | 1 | 2A | | | | Non advertir a manobra de cambio de dirección con suficiente antelación. | G | 100 |
| CIR | 75 | 1 | 1B | | | | Efectuar un cambio de dirección sen colocar o vehículo no lugar axeitado. | G | 150 |
| CIR | 76 | 2 | 1A | | | | Non se situar á dereita o condutor do ciclo ou ciclomotor, para efectuar un xiro á esquerda, cando non exista carril especialmente acondicionado para iso. | G | 150 |
| CIR | 78 | 1 | 1A | | | | Efectuar un cambio de sentido da marcha, entorpecendo ou obstaculizando a circulación | G | 150 |
| CIR | 78 | 1 | 1B | | | | Realizar un cambio de sentido da marcha creando unha situación de perigo para os demais usuarios da vía. (Detallar o perigo). | G | 150 |
| CIR | 78 | 1 | 2A | | | | Efectuar un cambio de sentido sen advertir ao demais usuarios da devandita manobra. | G | 100 |
| CIR | 79 | 1 | 1A | | | | Efectuar un cambio de sentido da marcha en lugar prohibido. (Detallar a | G | 150 |

| INFRACCIÓNS AO CIR E LSV | | | | INFRACCIÓNS Á OMT | | | FEITO DENUNCIADO | INF | MULTA € |
|-----------------------------|-----|-------|-----|----------------------|-------|-----|---|-----|---------|
| Norma | Art | Apart | Opc | Art | Apart | Opc | | | |
| | | | | | | | manobra). | | |
| CIR | 80 | 1 | 2A | | | | Circular cara a atrás podendo evitalo con outra manobra | G | 150 |
| CIR | 80 | 3 | 2A | | | | Efectuar manobra de marcha atrás na vía salientada. | G | 150 |
| CIR | 80 | 4 | 1A | | | | Circular marcha atrás en sentido contrario ao estipulado. (Detallar a distancia recorrido). | MG | 450 |
| CIR | 81 | | 2A | | | | Non advertir a manobra de marcha atrás coa sinalización regulamentaria. | G | 100 |
| CIR | 81 | | 2B | | | | Efectuar a manobra de marcha atrás sen adoptar as precaucións necesarias para non causar perigo ao resto de usuarios da vía. | G | 150 |
| CIR | 83 | 1 | 1A | | | | Adiantar un vehículo en calzada de varios carrís no mesmo sentido de circulación permanecendo no carril utilizado, entorpecendo outros vehículos que circulan detrás máis velozmente. | G | 150 |
| CIR | 83 | 2 | 1A | | | | Adiantar un vehículo cambiando de carril cando a densidade de circulación é tal que os vehículos ocupan toda a anchura da calzada. | G | 150 |
| CIR | 84 | 1 | 1C | | | | Efectuar un adiantamento entorpecendo os que circulan en sentido contrario. | G | 150 |
| CIR | 84 | 1 | 1D | | | | Adiantar varios vehículos sen que exista espazo entre eles que lle permita, en caso necesario, desviarse cara ao lado dereito sen perigo. | G | 150 |
| CIR | 84 | 1 | 2A | | | | Efectuar un adiantamento que require un desprazamento lateral, sen advertilo coa suficiente antelación. | G | 100 |
| CIR | 84 | 1 | 3B | | | | Efectuar un adiantamento con perigo para os que circula en sentido contrario, obrigándoos a frear bruscamente. | G | 300 |
| CIR | 84 | 2 | 1A | | | | Adiantar un vehículo que se desprazou lateralmente para adiantar a outro, invadindo para iso a parte da calzada reservada á circulación en sentido contrario. | G | 150 |
| CIR | 84 | 3 | 1A | | | | Adiantar cando outro vehículo que o segue iniciou a manobra de adiantamento. | G | 150 |
| CIR | 85 | 1 | 1A | | | | Adiantar outro vehículo sen deixar entre ambos os dous unha separación lateral suficiente para realizar con seguridade a devandita manobra. | G | 150 |
| CIR | 85 | 3 | 1A | | | | Adiantar sen reintegrarse ao seu carril o antes posible e de forma gradual, obrigando o adiantado a manobrar bruscamente. | G | 150 |
| CIR | 85 | 4 | 1C | | | | Adiantar poñendo en perigo ou entorpecendo ciclistas que circulen en sentido contrario. (Detallar a manobra e o perigo). | G | 300 |
| CIR | 86 | 1 | 1A | | | | Non se cinguir ao bordo dereito da calzada ao ser advertido polo condutor do vehículo que o segue do propósito de adiantalo. | G | 150 |
| CIR | 86 | 2 | 2A | | | | Aumentar a velocidade cando vai ser adiantado. | G | 150 |
| CIR | 86 | 2 | 2B | | | | Efectuar manobras que dificulten ou impidan o adiantamento cando vai ser adiantado. (Detallar a manobra). | G | 150 |
| CIR | 86 | 3 | 1A | | | | Non facilitar o adiantamento cando as circunstancias non permiten ser adiantado | G | 150 |

| INFRACCIÓNS AO CIR E LSV | | | | INFRACCIÓNS Á OMT | | | FEITO DENUNCIADO | INF | MULTA € |
|-----------------------------|-----|-------|-----|----------------------|-------|-----|--|-----|---------|
| Norma | Art | Apart | Opc | Art | Apart | Opc | | | |
| | | | | | | | con facilidade e sen perigo. (Detallar as circunstancias). | | |
| CIR | 87 | 1 | 1C | | | | Adiantar nun paso para peóns sinalizado como tal. | G | 150 |
